

4.4 Métodos recomendados e precaucións en relación coa manipulación, o almacenamento, o transporte ou en caso de incendio.

4.5 Medidas en caso de accidente.

4.6 Procedementos de destrución ou descontaminación do biocida e dos seus envases:

4.6.1 Incineración controlada.

4.6.2 Outros.

4.7 Plan de seguimento aplicable ao microorganismo activo e a outros microorganismos contidos no biocida, incluíndo a súa manipulación, almacenamento, transporte e utilización.

V Métodos analíticos:

5.1 Métodos para a análise do biocida.

5.2 Métodos para determinar e cuantificar os residuos.

VI. Datos sobre a eficacia.

VII. Efectos sobre a saúde humana:

7.1 Estudos básicos de toxicidade aguda:

7.1.1 Toxicidade aguda oral.

7.1.2 Toxicidade aguda por inhalación.

7.1.3 Toxicidade aguda por vía cutánea.

7.2 Estudos complementarios de toxicidade aguda:

7.2.1 Irritación cutánea.

7.2.2 Irritación ocular.

7.2.3 Sensibilización cutánea.

7.3 Datos sobre a exposición.

7.4 Datos toxicolóxicos dispoñibles relativos ás substancias non activas.

7.5 Estudos complementarios sobre combinacións de biocidas.

7.6 Resumo e avaliación dos efectos sobre a saúde humana.

VIII. Residuos no interior ou na superficie dos materiais tratados, alimentos e pensos.

IX. Destino e comportamento no ambiente.

X. Efectos nos organismos distintos dos organismos obxectivo:

10.1 Efectos nas aves.

10.2 Efectos nos organismos acuáticos.

10.3 Efectos nas abellas.

10.4 Efectos nos artrópodos distintos das abellas.

10.5 Efectos nas miñocas.

10.6 Efectos nos microorganismos do solo.

10.7 Estudos complementarios sobre outras especies ou estudos de etapas superiores, como estudos sobre organismos seleccionados distintos dos organismos obxectivo:

10.7.1 Plantas terrestres.

10.7.2 Mamíferos.

10.7.3 Outras especies e procesos pertinentes.

10.8 Resumo e avaliación dos efectos en organismos distintos dos organismos obxectivo.

XI. Clasificación, envasado e etiquetaxe do biocida.

Como se establece no artigo 19, débense presentar propostas coa súa xustificación para a clasificación e a etiquetaxe do biocida de acordo co disposto no Regulamento sobre notificación de substancias novas e clasificación, envasado e etiquetaxe de substancias perigosas, aprobado polo Real decreto 363/1995, do 10 de marzo, e no Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de preparados perigosos, aprobado polo Real

decreto 255/2003, do 28 de febreiro. A clasificación inclúe a descrición da categoría ou categorías de perigo e frases sobre a natureza dos riscos relativas a todas as propiedades perigosas. A partir da clasificación, débese formular unha proposta de etiquetaxe con inclusión dos símbolos de perigo e as indicacións de perigo, así como as frases sobre a natureza dos riscos e as medidas de seguranza. A clasificación e a etiquetaxe terán en conta as substancias químicas que conteña o biocida. En caso necesario, presentaranse á autoridade competente dun Estado membro mostras do envase proposto.

O expediente irá acompañado por unha proposta razoada para asignar o biocida a un dos grupos de risco especificados no artigo 3 do Real decreto 664/1997, do 12 de maio, xunto con indicacións sobre a necesidade de que os produtos leven o sinal de perigo biolóxico especificado no anexo III deste real decreto.

XII. Resumo e avaliación dos puntos I a XI, incluíndo conclusións sobre a avaliación do risco e recomendacións.»

13028 *ORDE PRE/1983/2007, do 29 de xuño, pola que se modifica o anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios para incluír as substancias activas metamidofos, procimidona, flusilazol, fenarimol, carbendazima e dinocap.* («BOE» 160, do 5-7-2007.)

A Directiva 91/414/CEE do Consello, do 15 de xullo de 1991, relativa á comercialización de produtos fitosanitarios, inclúe no seu anexo I as substancias activas que foron autorizadas para a súa incorporación nos produtos fitosanitarios. Esta directiva incorporouse ao ordenamento xurídico español en virtude do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios. Por outra parte, na Orde do 14 de abril de 1999 estableceuse o anexo I deste real decreto, baixo a denominación «Lista comunitaria de substancias activas», que se define no punto 16 do artigo 2 desta norma, como a lista das substancias activas de produtos fitosanitarios aceptadas pola Comisión Europea e cuxa incorporación se fará pública mediante disposicións nacionais, como consecuencia doutras comunitarias.

A Directiva 91/414/CEE foi modificada por sucesivas directivas co fin de incluír no seu anexo I determinadas substancias activas. Así, mediante a Directiva 2006/131/CE da Comisión, do 11 de decembro de 2006, inclúese a substancia activa metamidofos; pola Directiva 2006/132/CE da Comisión, do 11 de decembro de 2006, inclúese a substancia activa procimidona; pola Directiva 2006/133/CE da Comisión, do 11 de decembro de 2006, inclúese a substancia activa flusilazol; pola Directiva 2006/134/CE da Comisión, do 11 de decembro de 2006, inclúese a substancia activa fenarimol; pola Directiva 2006/135/CE da Comisión, do 11 de decembro de 2006, inclúese a substancia activa carbendazima, e pola Directiva 2006/136/CE da Comisión, do 11 de decembro de 2006, inclúese a substancia activa dinocap.

As disposicións citadas establecen as condicións para que a comercialización de produtos fitosanitarios que conteñan as referidas substancias activas non teñan efectos nocivos para a saúde humana ou a saúde animal nin para as augas subterráneas, nin teñan repercusións inaceptables para o ambiente, así como para que se revisen as autorizacións existentes de produtos fitosanitarios que conteñan

algunha das substancias activas que se inclúen no anexo I da Directiva 91/414/CEE, modificándolas ou retirándolas, de conformidade co establecido para o efecto nesa directiva.

Esta orde incorpora ao ordenamento xurídico interno as directivas 2006/131/CE, 2006/132/CE, 2006/133/CE, 2006/134/CE, 2006/135/CE e 2006/136/CE da Comisión, do 11 de decembro de 2006, mediante a inclusión das substancias metamidofos, procimidona, flusilazol, fenarimol, carbendazima e dinocap, no anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, e dítase de acordo coa facultade establecida na disposición derradeira primeira do citado real decreto.

A Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria emitiu informe preceptivo sobre esta disposición. Así mesmo, na súa tramitación foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta das ministras de Agricultura, Pesca e Alimentación, de Sanidade e Consumo e de Medio Ambiente, dispoño:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios.*

O anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios queda modificado como segue:

Inclúense as substancias activas metamidofos, procimidona, flusilazol, fenarimol, carbendazima e dinocap, coas características e condicións que se especifican no anexo desta orde.

Disposición adicional única. *Revisión das autorizacións.*

1. Co fin de verificar que se cumpren as condicións de inclusión establecidas no anexo desta orde, as autorizacións existentes dos produtos fitosanitarios que conteñan as substancias activas afectadas, concedidas con anterioridade ao inicio do seu prazo de inclusión, serán revisadas, adoptando e aplicando as correspondentes resolucións antes de que expire o respectivo prazo establecido neste anexo.

2. A verificación do cumprimento dos requisitos de documentación especificados no artigo 29.1.a) do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, contidos no anexo III da Orde do 4 de agosto de 1993, pola que se establecen os requisitos para solicitudes de autorizacións de produtos fitosanitarios, e a avaliación conforme os principios uniformes contidos no anexo da Orde do 29 de novembro de 1995, pola que se establecen os principios uniformes para a avaliación e autorización de produtos fitosanitarios, deberanse realizar adoptando e aplicando as correspondentes resolucións antes de que expire o prazo para a aplicación destes principios uniformes, que para cada unha das substancias activas se indica no anexo desta orde, tendo en conta as conclusións do informe da Comisión Europea.

3. No Rexistro oficial de produtos e material fitosanitario, adscrito á Dirección Xeral de Agricultura do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, quedarán á disposición dos interesados os informes de revisión da Comisión Europea, a que se refire o punto anterior, así como os da Comisión de Avaliación de Produtos Fitosanitarios previstos no artigo 3 do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, todo isto con excepción da información confidencial definida no artigo 32 deste real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 29 de xuño de 2007.–A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, María Teresa Fernández de la Vega Sanz.

«ANEXO

Condicións de inclusión das substancias activas metamidofos, procimidona, flusilazol, fenarimol, carbendazima e dinocap

Condicións da inclusión da substancia activa metamidofos

Características:

Nome común: metamidofos.

N.º CAS: 10265-92-6.

N.º CIPAC: 355.

Nome químico (IUPAC): O,S-dimetil fosforamidotioato.

Pureza mínima da substancia \geq 680 g/kg.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como insecticida en pataca, a doses que non superen os 0,5 kg de substancia activa por hectárea e por aplicación, cun máximo de tres aplicacións por estación.

Non se poderá utilizar en:

Tratamentos aéreos.

Aplicacións con mochila e todas as aplicacións con equipamentos de man independentemente de que o usuario sexa afeccionado ou profesional.

Xardinaria doméstica.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, a Comisión Europea determinou medidas restritivas de redución de riscos, polo que se deberá atender especialmente á protección:

Das aves e dos mamíferos, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións medidas de redución do risco, tales como un calendario de aplicación e a elección de formulacións que, grazas á súa natureza física ou á presenza de axentes de prevención adecuados, minimicen a exposición das especies en cuestión.

Dos organismos acuáticos e artrópodos non obxecto do tratamento: deberase manter unha distancia adecuada entre as zonas tratadas e as masas de auga superficiais, así como as marxes do cultivo; esta distancia pode depender do emprego ou non de técnicas ou dispositivos para reducir a deriva.

Dos operarios, que deben levar roupa de protección adecuada, en particular luvas, fundas, botas de goma e dispositivos de protección respiratoria durante a mestura ou a carga, e luvas, fundas, botas de goma e protección facial ou lentes de protección cando empreguen e limpen o equipamento. As medidas citadas deberanse aplicar excepto en caso de que se evite adecuadamente a exposición á substancia mediante o deseño e a construción do propio equipamento ou a montaxe de compoñentes específicos de protección no dito equipamento.

Prazo para a inclusión: do 1 de xaneiro de 2007 ao 30 de xuño de 2008.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 1 de marzo de 2007.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: o 30 de xuño de 2007.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 30 de xuño de 2008 para os produtos que conteñan metamidofos como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas no anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro.

Para a aplicación dos principios uniformes do anexo VI do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, terase en conta que:

Os titulares das autorizacións informen, como máis tarde o 31 de decembro de cada ano, sobre a

incidencia de problemas de saúde dos operarios. Deberán facilitar datos de vendas e un estudo sobre as modalidades de utilización, co fin de ter unha imaxe real das condicións de uso e o posible impacto toxicolóxico do metamidofos.

Deberán presentar estudos adicionais co fin de confirmar a avaliación do risco para as aves e os mamíferos. Os notificantes por instancia dos cales se incluíu a citada substancia activa no anexo I da Directiva 91/414/CEE facilitarán estes estudos para o seu traslado á Comisión europea no prazo de dous anos, a partir do 1 de xaneiro de 2007.

Protección de datos: por ser o metamidofos unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro.

Condicións da inclusión da substancia activa procimidona

Características:

Nome común: procimidona.

N.º CAS: 32809-16-8.

N.º CIPAC: 383.

Nome químico (IUPAC): N-(3,5-diclorofenil)-1,2-dimetilciclopropano-1,2-dicarboximida.

Pureza mínima da substancia: 985 g/kg.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como funxicida en cogombros en invernadoiros (sistemas hidropónicos pechados) e ameixas (para transformación), a doses que non superen 0,75 kg de substancia activa por hectárea e por aplicación.

Non se poderá utilizar en:

Aplicación no aire.

Aplicacións con mochila e equipamentos de man independentemente de que o usuario sexa afeccionado ou profesional.

Xardinaría doméstica.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, a Comisión Europea determinou medidas restritivas para a redución do risco, polo que se deberá atender especialmente á protección:

Dos organismos acuáticos; deberase manter unha distancia adecuada entre as áreas tratadas e as masas de auga superficial. Esta distancia poderá depender da aplicación ou non de técnicas ou aparellos de redución da deriva.

Das aves e dos mamíferos, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións medidas de redución do risco, tales como un calendario da aplicación e a selección das formulacións que, como resultado da súa presentación física ou da presenza de axentes que aseguren unha prevención adecuada, reduzan ao mínimo a exposición das especies en cuestión.

Dos consumidores, cuxa exposición alimentaria aguda se deberá controlar.

Das augas subterráneas, cando a substancia activa se aplique en zonas con solos e/ou condicións climáticas vulnerables, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

Dos operarios, que deben levar indumentaria protectora adecuada, en particular luvas, fundas, botas de goma e proteccións faciais ou lentes de seguranza durante a mestura, a carga, a aplicación e a limpeza do equipamento, excepto en caso de que se evite adecuadamente a exposición á substancia mediante o deseño e a construción do propio equipamento ou a montaxe de compoñentes específicos de protección no dito equipamento.

Dos traballadores, que deben levar indumentaria protectora adecuada, en particular luvas, se deben entrar nunha zona tratada antes de que expirase o período específico para volver entrar na zona.

Prazo para a inclusión: do 1 de xaneiro de 2007 ao 30 de xuño de 2008.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 1 de marzo de 2007.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: o 30 de xuño de 2007.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 30 de xuño de 2008 para produtos que conteñan procimidona como única substancia activa, ou ben, como unha de varias substancias activas incluídas no anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro.

Para a aplicación dos principios uniformes do anexo VI do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, terase en conta que:

Os titulares das autorizacións deberán informar, como máis tarde o 31 de decembro de cada ano, sobre a incidencia de problemas de saúde dos operarios. Facilitarán os datos de vendas e unha enquisa de pautas de utilización, co fin de que se poida obter unha imaxe realista das condicións de uso e do posible impacto toxicolóxico da procimidona.

Os titulares das autorizacións deberán remitir datos e información de confirmación para demostrar a aceptabilidade da substancia activa cando se aplique en situacións nas cales sexa probable unha exposición a longo prazo de mamíferos silvestres, e sobre a depuración efectuada no caso de aplicacións en invernadoiros.

Presentaranse novos estudos para abordar as posibles propiedades de interferencia endócrina da procimidona nun prazo de dous anos tras a adopción das directrices de ensaios sobre interferencia endócrina da Organización de Cooperación e Desenvolvemento Económicos (OCDE). Os notificadores, por instancia dos cales se incluíu a procimidona neste anexo, facilitarán estes estudos para o seu traslado á Comisión no prazo de dous anos a partir da entrada en vigor das directrices de ensaios mencionados.

Protección de datos: por ser a procimidona unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro.

Condicións da inclusión da substancia activa flusilazol

Características:

Nome común: flusilazol.

N.º CAS: 85509-19-9.

N.º CIPAC: 435.

Nome químico (IUPAC): Bis(4-fluorofenil) (metil) (1H-1,2,4-triazol-1-ilmetil) silano.

Pureza mínima da substancia: 925 g/kg.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como funxicida nos cultivos de cereais (salvo o arroz), millo, sementes de colza e remolacha, en doses que non superen os 200 g de substancia activa por hectárea e por aplicación.

Non se poderá utilizar en:

Tratamento aéreo.

Aplicacións con mochila e equipamentos de man, nin por afeccionados nin por profesionais.

Xardinaría doméstica.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, a Comisión Europea determinou medidas restritivas para a redución do risco, polo que se deberá atender especialmente á protección:

Dos organismos acuáticos; deberase manter unha distancia adecuada entre as zonas tratadas e as masas de auga superficiais, e esta distancia pode depender do emprego ou non de técnicas ou dispositivos para reducir a deriva,

Das aves e dos mamíferos, e incluír nas correspondentes autorizacións medidas de redución do risco, tales como un calendario de aplicación e a elección de formulacións que, grazas á súa natureza física ou á presenza de axentes de prevención adecuados, minimicen a exposición das especies en cuestión,

Dous operarios, que deben levar roupa adecuada, en particular luvas, fundas, botas de goma e protección facial ou lentes de protección, cando mesturen, carguen, empreguen e limpen o equipamento, a non ser que o deseño e a construción do propio equipamento ou a instalación de dispositivos de protección específicos nese equipamento impidan adecuadamente a exposición á substancia.

Prazo da inclusión: do 1 de xaneiro de 2007 ao 30 de xuño de 2008.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 1 de marzo de 2007.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: o 30 de xuño de 2007.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 30 de xuño de 2008 para produtos que conteñan flusilazol como única substancia activa, ou ben, como unha de varias substancias activas incluídas no anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro.

Para a aplicación dos principios uniformes do anexo VI do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, terase en conta que:

Os titulares das autorizacións informen, como máis tarde o 31 de decembro de cada ano, sobre a incidencia de problemas de saúde dos operarios. Facilitarán elementos tales como datos de vendas e un estudo sobre as modalidades de utilización, co fin de ter una imaxe real das condicións de uso e o posible impacto toxicolóxico do flusilazol,

Presentarán estudos adicionais sobre as posibles propiedades de disrupción endócrina que ten o flusilazol no prazo de dous anos a partir da adopción das directrices de ensaio sobre disrupción endócrina da Organización de Cooperación e Desenvolvemento Económicos (OCDE). O notificador por instancia do cal se incluíu o flusilazol no anexo I, facilitará estes estudos para a súa remisión á Comisión no prazo de dous anos a partir da adopción das citadas directrices de ensaio.

Protección de datos: por ser o flusilazol unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro.

Condicións da inclusión da substancia activa fenarimol

Características:

Nome común: fenarimol.

N.º CAS: 60168-88-9 (estereoquímica sen confirmar).

N.º CIPAC: 380.

Nome químico (IUPAC): alcohol (\pm) 2,4'-dicloro- α (pirimidin-5-il) bencidrílico.

Pureza mínima da substancia: 980 g/kg.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como funxicida para os cultivos de tomate, pemento de invernadoiro, berenxenas, cogombros de invernadoiro, melóns e plantas ornamentais, árbores de viveiro e plantas perennes, a doses non superiores a 0,058 kg de

substancia activa por hectárea e por aplicación para os tomates en campo e 0,072 kg de substancia activa por hectárea e por aplicación para os tomates en invernadoiro; 0,072 kg de substancia activa por hectárea e por aplicación para os pementos; 0,038 kg de substancia activa por hectárea e por aplicación para as berenxenas; 0,048 kg de substancia activa por hectárea e por aplicación para os cogombros; 0,024 kg de substancia activa por hectárea e por aplicación para os melóns en campo, e de 0,048 kg de substancia activa por hectárea e por aplicación para os melóns en invernadoiro; 0,054 kg de substancia activa por hectárea e por aplicación para as plantas ornamentais, as árbores de viveiro e as plantas perennes en campo, e 0,042 kg de substancia activa por hectárea e por aplicación para as plantas ornamentais en invernadoiro.

Non se poderá utilizar en:

Tratamento aéreo.

Aplicacións con mochila e equipamentos de man por parte de afeccionados.

Xardinaria doméstica.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, a Comisión Europea determinou medidas restritivas de mitigación de riscos, polo que se deberá atender especialmente á protección:

Dos organismos acuáticos; deberase manter unha distancia adecuada entre as zonas tratadas e as masas de auga superficiais, e esta distancia pode depender do emprego ou non de técnicas ou dispositivos para reducir a deriva,

Das miñocas; e incluír nas correspondentes autorizacións medidas de redución do risco, tales como a elección da combinación máis adecuada do número e a periodicidade das aplicacións, as doses de aplicación e se é necesario, o grao de concentración da substancia activa.

Das aves e dos mamíferos, e incluír nas correspondentes autorizacións medidas de redución do risco, tales como un calendario de aplicación e a elección de formulacións que, grazas á súa natureza física ou á presenza de axentes de prevención adecuados, minimicen a exposición das especies en cuestión.

Dos operarios, que deben levar roupa de protección adecuada, en particular luvas, fundas, botas de goma e protección facial ou lentes de protección, cando mesturen, carguen, empreguen e limpen o equipamento, a non ser que o deseño e a construción do propio equipamento ou a instalación de dispositivos de protección específicos nese equipamento impidan a exposición á substancia.

Dos traballadores, que deben levar roupa de protección adecuada, en particular luvas, se deben entrar na zona tratada antes de que transcorra o prazo específico para volver entrar nela.

Prazo da inclusión: do 1 de xaneiro de 2007 ao 30 de xuño de 2008.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 1 de marzo de 2007.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: o 30 de xuño de 2007.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 30 de xuño de 2008 para produtos que conteñan fenarimol como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas no anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro.

Para a aplicación dos principios uniformes do anexo VI do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, terase en conta que:

Os titulares das autorizacións informen como máis tarde o 31 de decembro de cada ano, sobre a incidencia de problemas de saúde dos operarios.

Facilitarán elementos tales como datos de vendas e un estudo sobre as modalidades de utilización, co fin de ter unha imaxe real das condicións de uso e o posible impacto toxicolóxico do fenarimol.

Presentaranse estudos adicionais sobre as posibles propiedades de interferencia endócrina que ten o fenarimol no prazo de dous anos a partir da adopción das directrices de ensaio sobre a interferencia endócrina da Organización de Cooperación e Desenvolvemento Económicos (OCDE). O notificador, por instancia do cal se incluíu o fenarimol neste anexo, facilitará estes estudos para o seu traslado á Comisión no prazo de dous anos a partir da adopción das citadas directrices de ensaio.

Protección de datos: por ser o fenarimol unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro.

Condicións da inclusión da substancia activa carbendazima

Características:

Nome común: carbendazima (estereoquímica sen confirmar).

N.º CAS: 10605-21-7.

N.º CIPAC: 263.

Nome químico (IUPAC): bencimidazol-2-ilcarbamato de metilo.

Pureza química da substancia: 980 g/kg.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como funxicida para os cultivos de cereais e sementes de colza, en dose de 0,25 kg de substancia activa por hectárea e por aplicación; en remolacha en dose de 0,075 kg de substancia activa por hectárea e por aplicación, e en millo en dose de 0,1 kg de substancia activa por hectárea e por aplicación.

Non poderá ser utilizado en:

Aplicacións aéreas.

Aplicacións con mochila e equipamentos de man independentemente de que o usuario sexa afeccionado ou profesional.

Xardinaria doméstica.

Na avaliación global segundo os principios uniformes, a Comisión Europea determinou medidas restritivas de mitigación de riscos, polo que se deberá atender especialmente á protección:

Dos organismos acuáticos; deberase manter unha distancia adecuada entre as áreas tratadas e as masas de auga superficial, e esta distancia poderá depender da aplicación ou non de técnicas ou aparellos de redución da deriva.

Das miñocas e doutros macroorganismos do solo; nas condicións da autorización inclúense medidas de redución do risco, tales como a selección da combinación máis adecuada do número de aplicacións e o momento en que se efectúan, a frecuencia da aplicación e, en caso necesario, o grao de concentración da substancia activa.

Das aves e dos mamíferos; as autorizacións inclúen medidas de redución do risco, como un calendario da aplicación e a selección das formulacións que, como resultado da súa presentación física ou da presenza de axentes que aseguren unha prevención adecuada, reduzan ao mínimo a exposición das especies en cuestión.

Dos operarios, que deben levar indumentaria adecuada, en particular luvas, fundas, botas de goma e proteccións faciais ou lentes de seguranza durante a mestura, carga, aplicación e limpeza do equipamento, excepto en caso de que se evite adecuadamente a

exposición á substancia mediante o deseño e a construción do propio equipamento ou a montaxe de compoñentes específicos de protección no dito equipo.

Prazo da inclusión: do 1 de xaneiro de 2007 ao 31 de decembro de 2009.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 1 de marzo de 2007.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: o 30 de xuño de 2007.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 31 de decembro de 2009 para os produtos que conteñan carbendazima como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas no anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro.

Para a aplicación dos principios uniformes do anexo VI do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, terase en conta que os titulares das autorizacións informarán, como máis tarde o 31 de decembro de cada ano, sobre as incidencias de problemas de saúde dos operarios. Informarase sobre datos de vendas e unha enquisa de pautas de utilización, co fin de obter unha imaxe das condicións de uso e do posible impacto toxicolóxico da carbendazima.

Protección de datos: por ser a carbendazima unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro.

Condicións da inclusión da substancia activa dinocap

Características:

Nome común: dinocap.

N.º CAS: 39300-45-3 (mestura de isómeros).

N.º CIPAC: 98.

Nome químico (IUPAC): crotonato de 2,6-dinitro-4-actilfenilo e crotonato de 2,4-dinitro-6-actilfenilo, onde «actil» é una mestura dos grupos 1-metilheptil, 1-etilhexil e 1-propilpentil.

Pureza mínima da substancia: 920 g/kg.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como funxicida para uvas de vinificación en doses non superiores a 0,21 kg de substancia activa por hectárea e por aplicación.

Non poderá ser utilizado en:

Tratamento aéreo.

Aplicacións con mochila e equipamentos de man por parte de afeccionados.

Xardinaria doméstica.

Na avaliación global segundo os principios uniformes, a Comisión Europea determinou medidas restritivas de mitigación de riscos, polo que se deberá atender especialmente á protección:

Dos organismos acuáticos; deberase manter unha distancia adecuada entre as zonas tratadas e as masas de auga superficiais, e esta distancia pode depender do emprego ou non de técnicas ou dispositivos para reducir a deriva.

Das aves e os mamíferos; as autorizacións inclúen medidas de redución do risco, tales como un calendario prudente de aplicación e a elección de formulacións que, grazas á súa natureza física ou á presenza de axentes de prevención adecuados, minimicen a exposición das especies en cuestión.

Dos operarios, que deben levar roupa de protección adecuada, en particular luvas, fundas, botas de goma e protección facial ou lentes de protección, cando mesturen, carguen, empreguen e limpen o equipamento, a non ser que o deseño e a construción do propio equipamento ou a instalación de dispositi-

vos de protección específicos no dito equipo impidan adecuadamente a exposición á substancia,

Dos traballadores, que deben levar roupa de protección adecuada, en particular luvas, se deben entrar nunha zona tratada antes de que transcorra o prazo específico para volver entrar nela; este prazo non pode ser inferior a 24 horas.

Prazo da inclusión: do 1 de xaneiro de 2007 ao 31 de decembro de 2009.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 1 de marzo de 2007.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: o 30 de xuño de 2007.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 31 de decembro de 2009 para os produtos que conteñan dinocap como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas no anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro.

Para a aplicación dos principios uniformes do anexo VI do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, terase en conta que os titulares das autorizacións informarán, como máis tarde o 31 de decembro de cada ano, sobre as incidencias de problemas de saúde dos operarios. Informarase sobre datos de vendas e un estudo de pautas de utilización, co fin de obter unha imaxe real das condicións de uso e do posible impacto toxicolóxico do dinocap.

Protección de datos: por ser o dinocap unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro.»

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

13106 *CORRECCIÓN de erratas do Real decreto 728/2007, do 13 de xuño, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de movementos de gando e o Rexistro xeral de identificación individual de animais. («BOE» 161, do 6-7-2007.)*

Advertida errata, por omisión, no Real decreto 728/2007, do 13 de xuño, polo que se establece e regula o Rexistro

xeral de movementos de gando e o Rexistro xeral de identificación individual de animais, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 17 en lingua galega, do 2 de xullo de 2007, procédese a efectuar a oportuna rectificación.

Entre as páxinas 2279 e 2280 debe inserirse o texto seguinte:

ANEXO XIII

«ANEXO 3

Documento de identificación para bovinos obxecto de intercambio con outros Estados membros da Unión Europea

Características: Papel offset de 120 gramos. Dimensións: largo, 21 cm/alto, 14,75 cm. Simbología dos códigos de barras: Code 128.Set A. Código superior: leva o número de identificación (marca auricular) con letras e números, pero sen espazos nin guións.

Código medio: Leva o código REGA da explotación do seu propietario con letras enúmeros.

Código inferior: Leva os datos imprescindibles do animal co formato.

CCCCCCCCCCCC/DDMMAAAASSRRRR/CCCCCCCCCCCC, onde:

CCCCCCCCCCCC é o número de identificación do animal, / é un separador.

DDMMAAAA é a data de nacemento do animal (día, mes, ano), sen separadores.

SS é o código do sexo do animal establecido polos protocolos técnicos acordados no Comité nacional de coordinación de identificación do gando e rexistro de explotación das especies de interese gandeiro establecido no Real decreto 479/2004.

RRRR é o código de raza do animal establecido polos protocolos técnicos acordados no Comité nacional de coordinación de identificación do gando e rexistro de explotación das especies de interese gandeiro establecido no Real decreto 479/2004, / é un separador.

CCCCCCCCCCCC é o código da nai.

Nota: Como máximo levará unha lonxitude de 44 caracteres (cando a marca auricular da nai sexa de 14 caracteres), pero será menor se a marca auricular ten unha lonxitude menor.

Contido: De acordo co seguinte modelo: